

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/16	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de decembro de 2019
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:23 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
Secretario	MÍRIAM NAVEIRA DONO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SÍ
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SÍ
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	NON
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SÍ
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SÍ
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SÍ
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN: «ASUNTOS LABORAIS»

1. MANUELA BARCIA VÁZQUEZ: «NON SE REQUIRE»



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día:

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Aprobación da acta da sesión anterior

O Pleno da Corporación, previa lectura, trala correspondente deliberación e por unanimidade, acorda a aprobación da acta da sesión ordinaria anterior, celebrada con data do 28 de novembro de 2019.

2.- Dación de contas das resolucións da Alcaldía.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

3.- MOCIÓNS.

- DO BNG.

Expediente 777/2019. Procedemento Xenérico

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

Exposición de Motivos:

MOCIÓN

A praza do concello é un espazo histórico e urbano de elevado valor en Outes. Ao longo dos anos celebráronse nela eventos de moi diferente índole. Nos últimos tempos foi ficando no esquecemento e nunha deriva de abandono que rematou por convertila nun simple aparcadoiro.



En consecuencia á continúa rodaxe dos vehículos o chan cada vez atópase máis deteriorado e as árbores poderían rematar danadas a costa desta situación. Cómpre que esta corporación aposte por recuperar un espazo de encontro e poñela en valor.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

ACORDO

-Elaborar un proxecto consensuado, nun prazo de dous meses, para o adecentamento, limpeza, iluminación (posiblemente decorativa) e posta en valor da mesma.

-Prohibir o acceso (agás acceso xustificado) e o estacionamento de vehículos motorizados na praza do concello.

Finalizada a exposición comeza o **DEBATE** coa intervención da Sra. Molinos, que coincide co mal estado da praza do Concello, se ben non estiman oportuno a prohibición de estacionamento na mesma, posto que é unha necesidade para os veciños, considerando que este uso é compatible con outros, polo que se se modifica a moción neste sentido, votarán a favor.

Desde o grupo de goberno puntualiza o Alcalde que se está de acordo con esta moción, de feito xa se están a facer actuacións para o acondicionamento da praza. Pero recalca que se entendería, en todo caso, que se prohibiría o estacionamento agás vehículos autorizados, para que sí poidan coexistir os demais usos, tal e como se comentou na correspondente Comisión Informativa. Adianta, neste caso, o voto a favor.

O BNG reitera o senso da moción.

Finalizado o debate, prodúcese a **VOTACIÓN**, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor.

- PP: 5 abstencións.



- BNG: 2 votos a favor.

- Grupo Mixto-PSOE: ausencia.

A moción é, polo tanto, aceptada.

4. ROGOS.

- DO PARTIDO POPULAR:

1) En relación co problema de pluviais existente no lugar de Brión de arriba, onde se sofren grandes enchentas debido ás augas que descenden do monte, rógase que se faga unha valoración real da causa das mesmas e se tomen as medidas necesarias para resolver o problema.

2) Obsérvase que un dos muros do campo de fútbol ten unha rachadura considerable, o que pon en risco ós seus usuarios, polo que se roga que se proceda á súa sinalización e inmediata reparación.

3) Na estrada da Deputación que vai desde o Cruceiro á Barquiña de San Cosme, á altura da ponte que pasa por encima da ponte do corredor, hai varias fochancas, polo que se roga que se solvente; e no mesmo senso, se roga que se faga o mesmo na estrada que vai desde o Catelo á carretera que vén de Entins.

5. PREGUNTAS.

*** Pospónse a contestación das preguntas prantexadas polo PSOE, para o próximo Pleno no que o seu representante este presente.**

- DO PLENO ANTERIOR:

- DO BNG:

1) Cando está previsto que se liciten e comecen as obras da baranda do paseo da Pontenafonso?

Contesta o Alcalde que esta obra estaba incluída no POS COMPLEMENTARIO 2019, e prevese que ó longo do mes de xaneiro salga a licitación da mesma, logo dous ou tres meses máis para a adxudicación (marzo-abril), e a continuación hai que levar a cabo unha serie de trámites, polo que se agarda que en todo caso se inicie antes do verán.



* Fai referencia a unha pregunta do Pleno pasado, concretando que o valor nominal das 51 accións que o Concello ten no hospital de Ceilán é de 60 euros.

- PREGUNTAS ORAIS:

- DO BNG:

1) Fai referencia ó problema das augas pluviais que existe en Brión de arriba, que fai que algunhas casas se estean anegando por causa das choivas que están a ter lugar. Tense previsto facer algún outro tipo de actuación e, se é así, cando e que se vai a facer?

2) É certo que a día de hoxe o goberno actual conta con un vínculo contractual existente en calidade de servizo de asesoría xurídica e defensa con algún tipo de entidade xurídica?

3) No último mes o Concello organizou un concurso de escaparates de Nadal; é isto o único que o goberno ten pensado facer para impulsar o comercio local?

4) Este ano por primeira vez no programa de Nadal se inclúe a visita do Apalpador, pero só ó colexio, pero tamén por primeira vez na Praza do Bosque se fai unha visita de Papá Noel; si se está apostando pola figura galega, para o ano que vén farase o mesmo?

5) Tendo en conta a forma de proceder do goberno no Pleno anterior, en relación coas escaleiras do Albán, ten pensado o grupo de goberno desculpase e, se é así, cando?

6) A propósito da pregunta anterior, solicítase que o Alcalde leve a cabo unha definición de “codeseño”.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Remata a sesión ás 20.23 do que, como Secretaria, dou fe.

A gravación do presente Pleno pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.youtube.com/watch?v=Pz_YjD19fg8



DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 7CEE95XXENNZFZYRSAGE7GA3 | Corrección: <https://bules.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6